



Convenio entre a Axencia Galega da Industria Forestal e a Fundación Arume polo que se lle concede unha subvención autonómica á Fundación Arume, para o estudo, dinamización sectorial, promoción e posta en valor da cadea monte-industria de Galicia nos anos 2026 e 2027

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, dona M^a Jesús Lorenzana Somoza, presidenta da Axencia Galega da Industria Forestal, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas de acordo co establecido polo *Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos*.

E, doutra parte, don Xosé Manuel Mera Iglesias, presidente do padroado da Fundación Arume.

As partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Axencia Galega da Industria Forestal (en diante, Xera) ten como finalidade principal actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada á industria forestal e coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector.

SEGUNDO.- Que, consonte o artigo 2 do *Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos*, Xera ten entre os seus obxectivos procurar a diferenciación e diversificación dos produtos do monte destinados á industria forestal, promovendo sinerxías entre os distintos sectores da cadea monte-industria, mellorar a competitividade e a innovación das empresas do sector forestal, desde a primeira fase de transformación do recurso e con especial incidencia na segunda e seguintes fases. Igualmente, entre os obxectivos, atópanse incentivar a divulgación e formación sobre actividades coherentes coa conservación do patrimonio natural e a biodiversidade e coa xestión sustentable dos recursos, así como favorecer a transferencia de coñecemento e tecnoloxía entre os diferentes axentes vinculados á cadea forestal-madeira.

Así mesmo, as funcións da Axencia, definidas no artigo 8 do *Decreto 81/2017*, contemplan o impulso dun coñecemento acaído do monte e sector forestal, mediante proxectos de información, inventariado e coñecemento que permitan dispor dos datos necesarios que axuden as diferentes asociacións, organizacións e



entidades públicas e privadas do sector forestal galego na toma de decisións e o impulso e promoción de marcas que faciliten a integración das diversas actividades produtivas da industria forestal (materia prima, deseño, industrialización e comercialización), a través de distintivos de marca dos produtos derivados da industria forestal e daqueles baseados na madeira.

TERCEIRO.- Que a Fundación Arume (en diante, Arume) constituíuse en escritura pública outorgada en Santiago de Compostela (A Coruña) o 10 de xuño de 2019, ante o notario Héctor Ramiro Pardo García, co número de protocolo 556. Mediante resolución do 11 de maio de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural (DOG nº 95 de 18.05.2020), declarouse de interese galego e ordenouse a inscrición de Arume no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, obtendo o número 2020/00005.

É unha entidade privada sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio e con plena capacidade de actuación. Ten, entre os seus fins fundamentais, promover o valor e uso dos montes galegos e aspira a converterse na referencia en Galicia na integración da cadea monte-industria, desde a propiedade forestal ata a transformación da madeira.

CUARTO.- Que Arume reúne, en exclusiva, entidades e organizacións da cadea monte-industria relacionadas coa madeira de coníferas de Galicia, dende a produción, ós servizos forestais e ás transformacións e usos industriais da madeira e ten como finalidade a promoción do piñeiro galego, o que sitúa a esta fundación como a única entidade galega que pode aproveitar as sinerxías entre os diferentes axentes da cadea de valor. No seu Padroado, están representadas asociacións de propietarios e propietarias forestais, asociacións de viveiristas e de empresas que realizan servizos forestais, empresas que realizan transformacións industriais da madeira (adicadas ó aproveitamento e serrado da madeira e á fabricación taboleiros), universidades e entidades financeiras.

QUINTO.- Que Arume enfoca as súas actuacións á preservación e comunicación dos valores ambientais, culturais, sociais e económicos vinculados ás superficies forestais e ó uso de madeira de Galicia, así como ó incremento da resiliencia dos montes, á mellora xenética, á sanidade forestal e ó impulso do desenvolvemento de novos produtos e mercados de alto valor engadido, á diferenciación, promoción e fomento do consumo da madeira de local en todos os ámbitos e ó uso de produtos certificados. Para acadar os seus obxectivos, organiza todo tipo de actividades de sensibilización, promoción, formación, I+D+i e transferencia de coñecemento, con especial dedicación á cadea de valor das coníferas.

SEXTO.- Que “Pino de Galicia” é unha marca de garantía rexistrada pola Oficina Española de Patentes e Marcas da que é titular Arume dende ano 2021 e que se desenvolveu en colaboración coa Xera.

Foi creada polo interese compartido da administración e do sector en diferenciar a calidade dos produtos de madeira de piñeiro producida nos montes de Galicia do



resto da oferta de madeira de piñeiro existente no mercado, co obxectivo de que este identifique os produtos coa marca e os asocie a unha orixe. Arume, titular da mesma, é allea ós produtos distinguidos coa marca e a súa función é a de certificar as características, calidade e orixe dos mesmos.

Na actualidade, 32 empresas (rematantes, serradoiros, industrias de segunda transformación, almacenistas e grupos de empresas) están cualificadas coa marca.

A marca, ademais de ser unha ferramenta de mercado das empresas cualificadas, redunda nun beneficio xeral do sector xa que, por unha banda, ó esixir determinados requisitos de calidade, estase a incentivar a tódalas empresas galegas transformadoras de piñeiro a elevar as súa prácticas e, por outra, contribúe á promoción da imaxe, en xeral, dos produtos de piñeiro galego.

Así mesmo, a marca está a ser de utilidade no desenvolvemento de políticas públicas de fomento: en varias liñas de subvencións de Xera, a dispoñibilidade da marca é un criterio para o incremento da intensidade de axuda e noutras convocadas en réxime de concorrència competitiva é un criterio de baremo para a priorización das solicitudes.

Transcorridos 5 anos do seu rexistro, cómpre analizar o posicionamento da marca e o deseño dunha estratexia de *rebranding* da mesma.

SÉTIMO.- Que, no século da bioeconomía circular e dentro dos obxectivos globais de desenvolvemento sostible, os produtos de madeira son clave na transición cara unha economía verde por tratarse dun material renovable, sustentable, reutilizable e reciclable polo que as políticas públicas deben incentivar o uso destes produtos e aproveitar a oportunidade que supón o seu potencial desenvolvemento para acadar un crecemento económico sustentable e a xeración de novos postos de traballo.

Á súa vez e nun contexto de competencia global crecente no que os países "desenvolvidos" están a perder cota de mercado respecto ós países "en desenvolvemento", as estratexias de diferenciación e de posta en valor dos produtos forestais de orixe local preséntanse como ferramentas de gran utilidade para a mellora da competitividade da industria forestal. Supoñen, ademais, un factor de desenvolvemento económico pola súa contribución á creación de emprego, especialmente en zonas rurais, e que minimiza os impactos ambientais asociados ó transporte.

OITAVO.- A cadea de valor do piñeiro en Galicia é estratéxica, tanto a nivel económico como territorial e ambiental. As masas de coníferas abranguen case o 30% da superficie forestal arborada e a madeira de piñeiro supón o 95% da madeira serrada na comunidade, o que representa o 40% da madeira serrada de España. As empresas vinculadas á mesma son maioritariamente pemes familiares cunha ampla distribución por todo o territorio, xerando emprego no rural e dinamizando a economía ó seu redor pola intensas relacións *input-output* con outros sectores.

NOVENO.- Que, atendendo a razóns de interese público, é vontade da Axencia Galega da Industria Forestal apoiar a labor da Fundación Arume no desenvolvemento de actuacións de estudo, diferenciación, promoción e



dinamización sectorial e das superficies forestais, potenciando as súas madeiras para xerar un ecosistema sostible que se traduza en xeración de valor e nun beneficio real para toda a cadea, dende a propiedade forestal ata o consumidor final, favorecendo a silvicultura activa e fortalecendo e mellorando a competitividade da industria de primeira e segunda transformación da cadea.

DÉCIMO.- Que a sinatura deste convenio responde a razóns de interese público, ambiental, social e económico, na medida en que as actuacións previstas contribúen á promoción da xestión forestal activa e sustentable dos montes galegos e á dinamización económica da cadea monte-industria.

A colaboración coa Fundación Arume permite impulsar actuacións estratéxicas como o estudo da cadea de valor do piñeiro en Galicia ou a revisión da estratexia de promoción e diferenciación do piñeiro a través da marca de garantía "Pino de Galicia".

Así mesmo, posibilita o desenvolvemento de actuacións de sensibilización, formación e transferencia de coñecemento científico nos ámbitos intra e extra sectorial e á cidadanía en xeral respecto ó recurso, ó estado sanitario das masas, á mellora xenética, á silvicultura, etc., así como acerca da cadea de valor asociada ó piñeiro, do desenvolvemento de novos produtos e mercados de alto valor engadido, etc. Todo iso redunda nun beneficio directo para a conservación ambiental, o benestar das comunidades rurais, a competitividade do sector forestal galego e o desenvolvemento económico de Galicia.

UNDÉCIMO.- Que a Fundación Arume constitúe unha entidade sen ánimo de lucro de referencia no ámbito forestal galego, integrada polos principais axentes da cadea de valor do piñeiro de Galicia, desenvolvendo de forma continuada actuacións de investigación, promoción, transferencia de coñecemento e valorización deste recurso forestal.

A súa composición, experiencia, representatividade sectorial e implantación territorial outórganlle unha posición singular para a execución das actuacións previstas neste convenio, circunstancia que xustifica a concesión directa da subvención ao abeiro do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consideración a todo isto, as partes concertan a sinatura deste convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

1. Este convenio ten por obxecto instrumentar unha subvención directa da Xunta de Galicia á Fundación Arume, a través da Axencia Galega da Industria Forestal, para o desenvolvemento de actuacións de estudo, diferenciación e dinamización sectorial



así como a promoción e posta en valor da cadea monte-industria de Galicia e, en particular, daquela vinculada ó aproveitamento e transformación do piñeiro.

SEGUNDA.- Actuacións a desenvolver

1. As actuacións ás que se refire a cláusula anterior, que serán financiadas con cargo a este convenio, son as seguintes:

I- Estudo estratéxico da cadea de valor do piñeiro de Galicia

Abordará a cadea de modo integral, dende o monte ata os produtos finais e combinando a análise económica, social, ambiental, territorial, industrial e de mercado.

Pretenderá dimensionar os valores e a relevancia da cadea e caracterizala, identificando aspectos claves para que, nun contexto cambiante e de competencia global, poida gañar en resiliencia e en capacidade de capitalizar oportunidades. Así mesmo, avaliará a adaptación do recurso madeireiro, en cantidade e calidade, ás necesidades de abastecemento da industria e a súa posible evolución no tempo.

Será unha fonte de información técnica de utilidade, a medio prazo, para a mellora do deseño e implantación das políticas públicas mediante a definición de estratexias e medidas especializadas, a toma de decisións fundamentadas e a avaliación do grao de optimización dos recursos públicos destinados.

Permitirá acadar unha visión integral e compartida da cadea do piñeiro, mellorando a coordinación público-privada, que supoña unha base obxectiva para a toma de decisións estratéxicas pola administración autonómica, pola Fundación e, en xeral, polas empresas do sector nos vindeiros anos.

II- Reformulación e impulso da marca de garantía "Pino de Galicia"

Levarase a cabo mediante unha primeira fase de análise do posicionamento actual da marca e de investigación de mercado.

En base ós resultados desta, deseñarase unha estratexia de *rebranding* que contemplará as necesidades que se identifiquen na fase previa de diagnóstico e outras, xa evidenciadas, como a de modificación do regulamento da marca para incluír novos produtos, a revisión dos procesos de certificación e acreditación de entidades certificadoras, a redefinición da misión, visión e valores da marca, a formulación e posta en marcha dun plan de activación da mesma e de presentación do resultado do *rebranding*.

III- Promoción e difusión da cadea de valor do piñeiro de Galicia

III.a) Encontros intersectoriais

Organizaranse dúas novas edición do encontro intersectorial "Piñeiros", un encontro de carácter profesional que, situando no centro á cadea forestal-madeira de Galicia, articula un espazo que fomenta a cooperación e a hibridación entre sectores, que permite a identificación de boas prácticas a nivel nacional e internacional, posibilita a transferencia de coñecemento



tecnolóxico e investigador arredor, tanto do recurso forestal como da súa valorización mediante a transformación industrial.

Por engadido, servirá para poñer de manifesto os valores históricos, culturais e ambientais do monte galego e do papel que o ámbito forestal pode xogar, actualmente, na mitigación do cambio climático así como a contribución que o aproveitamento, transformación e uso sostible dos recursos forestais poden desempeñar na consecución deste obxectivo.

De modo particular, contemplará a promoción e a valorización da madeira de coníferas de Galicia pola súa directa vinculación e transcendencia como actividade económica desenvolvida, principalmente, no ámbito rural.

A inscrición no encontro será gratuíta e, na definición do programa e configuración do panel de persoas que intervirán, procurarase acadar unha proporción equilibrada en canto ó xénero.

Coa pretensión de maximizar o alcance e impacto do encontro, ademais da asistencia presencial, habilitarase a posibilidade de participación en *streaming* e a gravación colgarase nunha plataforma online de vídeo de acceso público.

III.b) Xornadas e materiais de divulgación dirixidas ó segmento infantil e/ou xuvenil

Organizaranse accións de divulgación dirixidas ó segmento infantil e/ou xuvenil que trasladen ós máis novos, nun ambiente lúdico, o papel que teñen os bosques e as áreas forestais na produción de bens e servizos que necesitan na súa vida diaria así como os seus valores sociais, ambientais e culturais.

As xornadas e materiais de divulgación deberán cumprir os seguintes requisitos:

- i) Forma: deberán adoptar a forma de cursos, píulas formativas, xornadas, talleres, coloquios, festivais, campañas de divulgación, documentais, vídeos, publicacións ou folletos.
- ii) Edicións: poderán realizarse nunha ou varias edicións, ben sexa porque se organicen en diferentes localidades ou se repitan noutra data ou horario.
- iii) Modalidade de realización: poderán ser presenciais (con asistencia das persoas interesadas nun lugar determinado), en *streaming* ou sen participación directa (como no caso de campañas de divulgación, folletos, etc.).

TERCEIRA.- Gastos subvencionables

1. Os gastos obxecto de subvención son aqueles necesarios para a execución das actividades relacionadas na cláusula segunda.

2. De modo xeral, poderán ser subvencionables os gastos necesarios para a execución das actividades en que se incorrera desde a data de sinatura do convenio. Ademais e de modo particular e especificamente para as actuacións vinculadas á



edición 2026 do encontro Piñeiros, recollida no punto 1.III.a) da cláusula segunda, poderán ser subvencionables os gastos realizados dende o 01.03.2026 e que resulten necesarios para a organización deste evento coa antelación que require polas súas especiais características e carácter internacional.

Para a primeira anualidade (2026), só se admitirán os gastos (facturas e xustificantes de pago) realizados dende o 01.03.2026 ata a data límite de solicitude do pagamento da subvención prevista na cláusula duodécima.

Para a xustificación da segunda anualidade (2027), admitiranse os gastos (factura e pago) comprendidos entre o 17.11.2026 e a data límite de presentación da solicitude de pagamento da subvención establecida na cláusula duodécima.

3. O Imposto sobre o valor engadido, excepto cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre IVE, non é subvencionable tal e como se recolle no artigo 29.8, da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*. No caso de que o IVE poida ser subvencionable, a entidade beneficiaria deberá presentar unha declaración responsable sobre a non recuperabilidade deste imposto.

4. Os gastos de persoal propio teñen a consideración de non subvencionables.

5. En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ó valor do mercado.

6. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público*, para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á sinatura desde acordo.

7. Arume poderá concertar con terceiros a execución total das actuacións obxecto deste convenio. Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a Fundación Arume, que asumirá toda a responsabilidade da execución da actividade subvencionada.

8. Arume asumirá directamente a dirección, coordinación, supervisión técnica e control das actuacións subvencionadas, non podendo actuar como mera intermediaria entre a Axencia Galega da Industria Forestal e os contratistas externos.

CUARTA.- Orzamento das actuacións e importe da subvención

1. Ós efectos da correcta imputación orzamentaria, terán a consideración de:



- a) Gastos operativos (capítulo IV): aqueles derivados da execución de actuacións de promoción e difusión da cadea de valor do piñeiro de Galicia.
- b) Investimentos en activos intanxibles (capítulo VII): aqueles que darán lugar á xeración de elementos identificables, con vocación de permanencia e uso plurianual, vinculados ao estudo estratéxico da cadea de valor do piñeiro de Galicia e á marca "Pino de Galicia".

2. Ó abeiro deste convenio, serán subvencionables as seguintes actuacións cos importes máximos de subvención detallados por anualidade e natureza do gasto:

Activos intanxibles	
Actuación	Custe previsto (IVE inc)
I- Estudo estratéxico da cadea de valor do piñeiro de Galicia	26.015,00 €
II- Reformulación e impulso da marca de garantía "Pino de Galicia"	53.127,00 €
Subtotal	79.142,00 €
% axuda	75 %
Subvención	59.356,50 €
Subvención 2026	25.636,88 €
Subvención 2027	33.719,62 €
Gastos operativos	
Actuación	Custe previsto (IVE inc)
III.a)- Encontros intersectoriais	124.256,71 €
III.b)- Xornadas e materiais de divulgación dirixidas ó segmento infantil e/ou xuvenil	15.911,50 €
Subtotal	140.168,21 €
% axuda	75 %
Subvención	105.126,16 €
Subvención 2026	51.760,87 €
Subvención 2027	53.365,29 €
Total activos intanxibles + gastos operativos	
Custe previsto total	219.310,21 €
Subvención total	164.482,66 €
Subvención total 2026	77.397,75 €



Subvención total 2027	87.084,91 €
-----------------------	-------------

QUINTA.- Financiamento e importe da subvención

1. A Axencia Galega de Industria Forestal financiará as accións do presente convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 2026 09 A4 741A 481.0 e 2026 09 A4 741A 781.0, código de proxecto 2019.00002 "Promoción e calidade" dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia por un importe total de 164.482,66 €.

Código do proxecto	Aplicación	Anualidade 2026	Anualidade 2027	Total
2019.00002	2026 09 A4 741A 481.0	25.636,88 €	33.719,62 €	59.356,50 €
	2026 09 A4 741A 781.0	51.760,87 €	53.365,29 €	105.126,16 €
Total		77.397,75 €	87.084,91 €	164.482,66 €

SEXTA.- Obrigas da Axencia Galega da Industria Forestal

1. A Axencia Galega da Industria Forestal obrígase a:

- Colaborar no desenvolvemento daquelas iniciativas e accións vinculadas ó obxecto do Convenio para asegurar o seu cumprimento.
- Financiar as actividades deste convenio establecidas na cláusula segunda ata a contía máxima que se recolle na cláusula cuarta. Este importe representa o 75 % do orzamento total das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio. No caso de que o investimento realizado finalmente teña un custo inferior ó inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ó custe total do investimento.

SÉTIMA.- Obrigas da Fundación Arume

1. A Fundación Arume, na súa condición de beneficiaria e co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, obrígase a:

- Presentar, no prazo de 1 mes desde a data de sinatura do convenio, unha memoria de programación de obxectivos específicos e actuacións a realizar durante o ano 2026, que será aprobada mediante resolución da persoa titular da dirección da Axencia Galega de Industria Forestal.



- ii. Presentar antes do 15.01.2027, unha memoria de programación de obxectivos específicos e actuacións a realizar durante o ano 2027, que será aprobada mediante resolución da persoa titular da dirección da Axencia Galega da Industria Forestal.
 - iii. Levar a cabo, directamente ou en colaboración con outras entidades, as actuacións establecidas neste convenio debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para o seu desenvolvemento.
 - iv. Comunicar á Axencia Galega da Industria Forestal calquera variación das datas, horarios e localización fixados nas memorias anuais de programación de actividades cunha antelación mínima de 2 días hábiles.
 - v. Presentar a documentación xustificativa da realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
 - vi. Usar, en toda a documentación xerada polo convenio, os logotipos pertinentes de acordo co previsto na cláusula vixésimo terceira así como facer figurar, expresamente, o financiamento da Axencia Galega da Industria Forestal.
 - vii. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
2. Ademais, previamente á sinatura do presente convenio, presentará á Axencia Galega da Industria Forestal a seguinte documentación:
- i. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.
 - ii. Declaración responsable na que conste o compromiso de cumprimento das obrigas contempladas no artigo 11 da citada *Lei 9/2007*, sen prexuízo do disposto no artigo 31.7 da mesma.
 - iii. Autorización, durante o período de vixencia do Convenio, á Axencia Galega da Industria Forestal para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acrediten que a entidade se encontra ó corrente das súas obrigas.
- No caso de que se opoña á consulta, a Arume deberá acreditar que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten



pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

OITAVA.- Propiedade dos resultados

Arume conservará a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual derivado das actuacións realizadas. Non obstante, a Xunta de Galicia disporá dunha licenza gratuíta, indefinida, non exclusiva e sen limitación territorial para a utilización, reprodución, difusión e explotación institucional dos materiais, estudos, informes, publicacións e recursos audiovisuais elaborados ao abeiro deste convenio.

NOVENA.- Publicidade dos resultados

1. Os estudos, informes e documentos elaborados ao abeiro deste convenio terán vocación de difusión pública e poderán ser postos á disposición do sector forestal galego e da cidadanía a través das canles institucionais da Xunta de Galicia.

DÉCIMA.- Compatibilidade da axuda

1. O financiamento pola Xera das actuacións obxecto do presente convenio será compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

2. O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

UNDÉCIMA.- Modificación da concesión

1. Cando por circunstancias técnicas ou sobrevidas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos ou os prazos recollidos no presente convenio, a persoa titular da presidencia da Axencia Galega da Industria Forestal poderá acordar a modificación do convenio a instancia motivada da beneficiaria sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro do obxecto deste convenio.
- b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.
- c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

2. A beneficiaria deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida á persoa titular da presidencia da Axencia Galega da Industria Forestal. De non facelo,



poderá implicar a perda da subvención afectada pola modificación e, no caso de que esta implique unha variación substancial do proxecto inicial, a perda total da subvención concedida.

3. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da presidencia da Axencia Galega da Industria Forestal, logo da instrución do correspondente expediente ó cal se lle dará audiencia ó interesado nos termos previstos na *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

4. Non obstante, a Comisión de Seguimento disposta na cláusula décimo quinta poderá aprobar modificacións entre as partidas de gastos recollidas na cláusula cuarta sen que, en ningún caso, estas modificacións supoñan un incremento do gasto máximo asumido pola Axencia Galega da Industria Forestal nin unha variación do importe máximo de subvención por capítulo.

DUODÉCIMA.- Prazo e forma de xustificación

1. Arume deberá solicitar o pagamento da subvención prevista neste convenio mediante petición expresa dirixida á Xera.

2. Na anualidade 2026, a data límite de presentación da xustificación será o 16.11.2026. Na segunda anualidade (2027), establécese a posibilidade dun pago parcial da axuda que terá como data límite de presentación da xustificación o 30.06.2027 e que non superará o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados. A data límite para a presentación da xustificación final, correspondente á anualidade 2027, será o 16.11.2027.

3. As solicitudes de pagamento deberán acompañarse dunha conta xustificativa dos gastos subvencionados na que se detallen os vinculados a investimentos intaxibles e a gastos operativos e integrada pola seguinte documentación:

- i. Certificación expedida polo presidente de Arume, relativa á aprobación da conta xustificativa da subvención.
- ii. Informe xustificativo do cumprimento da finalidade da subvención no que se detallen as actuacións realizadas, os obxectivos acadados e os gastos xerados. Así mesmo, deberá contemplar o detalle do perfil das persoas panelistas e, ademais, unha análise do perfil das asistentes ou participantes tanto de modo presencial como en *streaming*, de ser o caso.
- iii. Reportaxe fotográfica das actuacións desenvolvidas e detalle do cumprimento das obrigas de publicidade respecto da colaboración da Xunta de Galicia, a través Axencia Galega da Industria Forestal, en todos os materiais e demais documentos que deriven da execución das actividades do convenio, así como das publicacións realizadas en redes sociais.



- iv. Relación diferenciada dos gastos correntes (capítulo IV) e dos investimentos intanxibles executados (capítulo VII) imputables a cada unha das actuacións subvencionadas, co seguinte detalle: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, concepto, importe, data de emisión e data de pago.
- v. Facturas e xustificación dos pagamentos.
- vi. De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.
- vii. Declaración responsable e detallada respecto doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos financiasen as actuacións subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, de ser o caso, unha declaración responsable respecto da non percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.

DÉCIMO TERCEIRA.- Minoración da subvención

1. Procederá a minoración do importe da subvención concedida establecido na cláusula cuarta cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ó abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ó importe total do gasto subvencionable que se define na mesma cláusula e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto. Producirase a perda do dereito ó cobramento parcial polo importe de minoración da subvención.

DÉCIMO CUARTA.- Reintegro

1. Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

2. Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da citada Lei 9/2007, os criterios de gradacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- i. O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda ó dereito ó cobro, ou no seu caso, ó reintegro da totalidade da axuda concedida.
- ii. Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obrigación de xustificación e dará lugar á perda do



dereito ó cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ó investimento non efectuado ou non xustificado.

- iii. A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, suporá a perda proporcional do dereito ó cobro.

3. Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, que poderá dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei 9/2007. As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56 respectivamente da Lei 9/2007, darán lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61 respectivamente.

DÉCIMO QUINTA.- Comisión de seguimento

1. Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha Comisión de seguimento composta por 4 persoas, dúas persoas por cada entidade que participa no presente convenio, nomeadamente: a Axencia Galega da Industria Forestal e a Fundación Arume.

2. Estará presidida polo titular da dirección da Axencia Galega da Industria Forestal, ou representante en quen delegue, que terá voto dirimente. Son funcións desta comisión de seguimento:

- i. Velar polo cumprimento do convenio.
- ii. Propoñer a aprobación do programa de actuacións e as súas modificacións, de ser o caso.
- iii. Resolver as incidencias que se poidan producir como consecuencia da execución do convenio.

3. Esta comisión constituirase no prazo de quince días hábiles (15) contados dende a data de sinatura deste convenio, reunirse inmediatamente para a resolución de calquera incidencia relacionada co convenio e, ademais, realizará as funcións que lle atribúen as demais cláusulas deste convenio.

DÉCIMO SEXTA.- Inexistencia de relación laboral

1. A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Axencia Galega de Industria Forestal.

2. Todo o persoal que participe ó abeiro deste convenio, desenvolvendo as accións descritas, dependerá tanto xurídica como organicamente da Fundación Arume e, en ningún caso, terá vínculo laboral coa Xunta de Galicia.



DÉCIMO SÉTIMA.- Inexistencia de relación contractual

1. As actuacións previstas neste convenio constitúen iniciativas promovidas pola Fundación Arume no exercicio dos seus fins fundacionais e non teñen a consideración de prestacións realizadas en favor da Axencia Galega da Industria Forestal. En consecuencia, este convenio non ten por obxecto a adquisición pola Administración autonómica de obras, servizos ou subministracións suxeitos á lexislación de contratos do sector público

DÉCIMO NOVENA.- Responsabilidade das actuacións

1. A subscrición do presente convenio non implicará relación contractual de ningún tipo entre as asinantes, de tal xeito, que á Axencia Galega de Industria Forestal non se lle poderá esixir responsabilidade algunha nin directa, nin indirecta nin subsidiaria respecto do desenvolvemento e feitos acaecidos no desenvolvemento das actividades subvencionada e respecto da información ou opinións vertidas.

VIXÉSIMA.- Protección de datos de carácter persoal

1. As partes asinantes obríganse ó cumprimento do *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE* (Regulamento xeral de protección de datos), da *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, do *Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD* e demais normativa vixente en cada momento en materia de protección de datos.

2. Os datos de carácter persoal ós que teñan acceso en virtude deste convenio serán tratados por ambas as dúas partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

3. O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos de conformidade coa normativa recollida nas cláusulas do convenio e as referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas. Estas poderán solicitar o acceso á rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.



VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Prevención de conflitos de interese

1. Arume comprométese a adoptar as medidas necesarias para identificar, previr e resolver posibles situacións de conflito de intereses que poidan afectar á correcta execución das actuacións financiadas ao abeiro deste convenio.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Integridade institucional e prevención da fraude

1. A entidade beneficiaria comprométese a desenvolver as actuacións financiadas de acordo cos principios de integridade, transparencia, boa administración e prevención da fraude, corrupción e conflitos de interese.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- Publicidade

1. Arume fará constar a colaboración da Xunta de Galicia en todos os materiais e demais documentos que deriven da execución das actividades do convenio e incluírá o logo da Xunta de Galicia, conforme ó establecido no Manual de identidade corporativa.

2. Nas publicacións realizadas en redes sociais relativas as actuacións desenvolvidas ó abeiro deste convenio, Arume incluírá o cancelo «#GaliciaéMadeira» e empregará a ferramenta @ para enlazar correctamente cos perfís da Axencia:

- LinkedIn: www.linkedin.com/company/xera-axencia-da-industria-forestal
- Facebook: www.facebook.com/xeraindustriaforestal
- Instagram: <https://www.instagram.com/xera.xunta/>

VIXÉSIMO CUARTA.- Transparencia

1. As partes asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, no *Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia*.

2. En cumprimento do disposto no artigo 20 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

VIXÉSIMO QUINTA.- Vixencia

1. O presente convenio producirá efectos dende a súa sinatura ata o 15.12.2027, sen prexuízo de que serán subvencionables os gastos necesarios para a execución das actividades que nel se recollen e nos que se incorrera dende do 01.03.2026.



VIXÉSIMO SEXTA.- Resolución

1. O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos. Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte con quince días de antelación.

VIXÉSIMO SÉTIMA.- Xurisdición competente

1. De conformidade co disposto na *Lei 29/1998, de 13 de xullo, a xurisdición contencioso-administrativa* será competente para entender os litixios que puideran xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio, que non puideran ser resoltas polas partes.

VIXÉSIMO OITAVA.- Natureza

1. O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e rexerase polas súas cláusulas.

2. En todo o non sinalado, estarase ó previsto na *Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* e na normativa autonómica en materia de subvencións. E, en especial, nos artigos 19.4 e 26 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, e ós artigos 36 a 40 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

3. Así mesmo, este convenio adáptase ao réxime xurídico dos convenios administrativos establecido nos artigos 47 e 48 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público* e, en particular, ao réxime das subvencións directas instrumentadas mediante convenio previsto no artigo 48.7 da mesma lei.

E, en proba de conformidade, asínase dixitalmente o presente convenio.

Axencia Galega da Industria Forestal

Fundación Arume

María Jesús Lorenzana Somoza
Presidenta

Xosé Manuel Mera Iglesias
Presidente

